

ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES A TER EN CONTA PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES

PRAZOS DAS SOLICITUDES:

Artigo 5.–Prazo de presentación.

1. Anualmente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo de que se faga por outras canles, o prazo de presentación de solicitudes e, no seu caso, de renovación da autorización. Dito prazo será o seguinte:

a) As solicitudes de instalación para todo o ano completo, faranse dende o 1 de novembro ao 15 de decembro do ano inmediatamente anterior, ambos incluídos.

b) As solicitudes de instalación durante o período estival (1 de maio ao 30 de setembro), poderán facerse, ademais do establecido na letra a) deste artigo, nun período adicional dende o 1 de marzo ao 15 de abril, ambos incluídos.

c) As solicitudes de instalación durante os 15 días no entorno da Semana Santa, poderán facerse, ademais do período establecido na letra a) deste artigo, ata 10 días con anterioridade ao período solicitado”.

Artigo 7.–Vixencia.

1. As autorizacións terán vixencia para o ano natural. En todo caso, a instalación da terraza non poderá realizarse ata que non se obteña o documento individual de autorización.

2. Cando xurdiran circunstancias imprevistas ou sobrevidas poderase revocar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, coa devolución da taxa correspondente ao período de tempo no cal a autorización quedou sen efecto. En todo o caso, se as circunstancias o permiten, esta circunstancia comunicarse ós interesados cunha antelación mínima de 15 días.”

Artigo 10.–Horario.

1. Como norma xeral as terrazas deberán pechar ás 00.00 horas.

2. A noite do venres ao sábado, do sábado ao domingo, do domingo ao luns e as vésperas dos días festivos, así como durante o período estival establecido no artigo 2 apartado 4, ampliarase o horario ata as 02.00 horas.

3. En todo caso, as terrazas nunca poderán entrar en contradición co horario de peche do local de referencia.

4. A Xunta de Goberno Local poderá acordar horarios especiais e en circunstancias extraordinarias.

5. O tempo de desaloxo da terraza será de 15 minutos.”

INSTRUCCIÓN PARA ABONAR AS TAXAS

1º.- Entrar en www.boiro.gal

2º.- Escoller Portal Tributario (cuadro que figura ao marxe da páxina)

3º.- Gestión tributaria

4º.- Volver a pinchar en Gestión tributaria (aparece un desplegable e pinchar en Autoliquidacións)

5º.- Escoller: Taxa por ocupación de vía pública (pinchar en trámite)

6º.- Rellenar os datos que se solicitan, e escoller en Tarifa a opción MESAS e SILLAS.

- CADA MESA E 4 SILLAS = 3M2.

Éste sería o enlace directo para cubrir a Autoliquidación:

https://portaltributario.boiro.gal/portal/noEstatica.do?opc_id=96&prv1=15&mun1=1631&prv3=15&mun3=1631&con_id=10&cod_ayu=000134&con_tca=1&pes_cod=-2&ent_id=1&idioma=1

A Autoliquidación resultante, a pode abonar presencialmente en Abanca, e Sabadell Gallego., e nos caixeiros de Caixabank.

Tamén poden abonala pola pasarela de pagos de Abanca, introducindo o código de barras e facer o pago cunha tarxeta bancaria (sirve calquera).

O enlace para facelo é o seguinte:

https://epasarela.abanca.com/wpgs012/wpgs012m_pagorecibosdefault.aspx?emisora=150113